XUNTA DE GALICIA

PREVENCIÓN E SAÚDE LABORAL ANTE O CORONAVIRUS

PERRUQUERÍAS

ceei.xunta.gal/coronavirus

Liña gratuíta 900 815 600

XUNTA DE GALICIA

PERRUQUERÍAS

ANTES DE IR AO TRABALLO

› **Identificar** ao persoal traballador especialmente sensible e adoptar as **medidas específicas** para minimizar o risco de contaxio cando teñan que acudir ao centro de traballo.

› **Non ir traballar con febre** (> 37º) ou **síntomas da COVID-19** ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.

› **Difundir as recomendacións** da autoridade sanitaria e do Servizo de Prevención ante o coronavirus mediante carteis ou paneis informativos.

› Preferirase o **transporte individual**. No **transporte colectivo** é obrigado o uso de **máscara**. Seguir sempre as indicacións das autoridades.

DISTANCIA DE SEGURIDADE



› **Manter 2 metros de distancia de seguridade** tanto entre o persoal traballador como co persoal usuario, nas tarefas que sexa poxible.

› **Evitar coincidir en espazos reducidos** como zonas de descanso e de preparación de produtos.

› Atender sempre con **cita previa** para controlar o aforo. Adaptar os **horarios de apertura** e organizar o persoal en **quendas** para evitar coincidencia de persoas. Indicar horario preferente para maiores de 65 anos.

› **Reorganizar as zonas de traballo** deixando un posto baleiro entre clientes nas zonas de tocadores e lavacabezas. Instalar **pantallas de separación e/ou sinalizar** distancias no chan mediante adhesivos ou postes separadores.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS

› Poñer a disposición dos clientes **en distintos puntos xel hidroalcohólico**, especialmente no acceso.

› **Retirar todas as revistas, tablets e catálogos de información** para evitar a súa manipulación por diferentes persoas.

› Fomentar o pago por **medios electrónicos** (tarxeta, móbil). Se non é posible, ter un recipiente para depositar os cartos.

› **Evitar a utilización de papel** para a xestión da axenda, usar mellor programas informáticos.

› **Fixar horarios, condicións e zonas para a entrega de produtos.**

HIXIENE E LIMPEZA

› Facilitar o **lavado frecuente das mans** e o uso de **solucións hidroalcohólicas** a todo o persoal. Lavalas antes e despois de tratar con cada cliente.

› **Cubrir as vías respiratorias** cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo de xeito adecuado.

› **Evitar tocar** os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.

› **Cada estilista** terá o seu **propio material de traballo** que non compartirá e que limpará e desinfectará despois de cada servizo. Intentarase **non compartir** tampouco os **produtos** (xampús, xeles, máscaras, etc.) e de facelo, hixienizar o envase.

› É mellor **non usar a bandoleira** para portar as ferramentas. Utilizarase **roupa de traballo** e **calzado específico** que non se levará posto fóra do local.

› Preferiranse os **materiais desbotables** (capas, toallas, etc.) para a clientela. Refugalos en contedor con tapa, pedal e bolsa recambiable.

› **A roupa de traballo** meterase nunha bolsa pechada e lavarase con auga quente (60-90°C) cos deterxentes habituais. As **prendas do salón reutilizables** almacenaranse en contedor pechado con bolsa ata o seu lavado que se fará tamén en auga quente.

› **Intensificar a limpeza/desinfección** de espazos e superficies, en especial as que se tocan máis (mostradores, tocadores, cadeiras, pomos, teclados, teléfonos, TPV, aseos, etc.) e sempre nos cambios de quenda. Empregue **sempre produtos recomendados** polas autoridades sanitarias, entre os que non se encontra o ozono.

› **O uso de máscara é obrigado** no interior do salón xa que non se pode garantir sempre a distancia interpersoal de 2 metros.

› Usar as **luvas habituais nas distintas tarefas,** sen descoidar a hixiene e cambiándoas despois de cada actividade (recepción de clientes, execución dun servizo, cobro, etc.).

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña	981 182 329	issga.coruna@xunta.gal	**Pontevedra**	886 218 101	issga.pontevedra@xunta.gal
Lugo	982 294 300	issga.lugo@xunta.gal	**Santiago**	881 999 332	issga@xunta.gal
Ourense	988 386 395	issga.ourense@xunta.gal			